



AXENCIA GALEGA  
DA INDUSTRIA  
FORESTAL

## **XERA-Valor 2023**

**Axudas aos os investimentos dirixidos á  
segunda transformación da industria forestal  
galega e do contract.**

**IN500B**



## Características xerais de XERA-Valor 2023

- ❑ **Orzamento e réxime da convocatoria:** 2,6 M €, concorrencia competitiva
- ❑ **Beneficiarias:** PEMEs do sector forestal radicadas en Galicia
  - \*Liña 5: asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, que teñan base asociativa e presten os ditos servizos ou sexan representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira.
- ❑ **Importe da axuda:** 50% dos gastos elixibles
- ❑ **Liñas:** A axuda máxima por solicitante limitarase a 60.000 euros de modo xeral e a 200.000 euros no caso de que se subvencionen actuacións encadradas nas liñas estratéxicas 1 ou 2
  - ▶ Liña 1: Competitividade e valorización
  - ▶ Liña 2: Mobiliario, contract e construción
  - ▶ Liña 3: Mellora produtiva e desenvolvemento de novos produtos sustentables
  - ▶ Liña 4: Certificacións, ensaios e informes
  - ▶ Liña 5: Seguridade e saúde na contorna laboral
- ❑ **Prazo de solicitude:** ata o 02/05/2023
- ❑ **Prazo de xustificación:** ata o 15/11/2023 (anualidade 2023) e ata o 15/04/2024 (anualidade 2024)



## Investimentos subvencionables

### Os solicitantes poderán solicitar actuacións en múltiples liñas

#### ► Liñas 1: Competitividade e valorización

- Compra de maquinaria nova vinculada aos procesos de transformación de produtos de orixe forestal non alimentarios, así como para os procesos de secado e doutros tratamentos e acabados da madeira.
- Obras e instalacións necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos obxecto de subvención.
- Outros bens de equipo novos que formen parte do activo da empresa e interveñan no proceso produtivo obxecto do proxecto.

#### ► Liña 2: Mobiliario, contract e construción

- Compra de maquinaria nova vinculada ao deseño e fabricación de mobiliario e ao deseño e fabricación de elementos para a construción.
- Obras e instalacións necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos obxecto de subvención.
- Outros bens de equipamento novos que formen parte do activo da empresa e interveñan no proceso produtivo obxecto do proxecto.



## Investimentos subvencionables

- ▶ **Liña 3: Mellora produtiva e desenvolvemento de novos produtos sustentables** ou solucións a través de servizos de deseño, desenvolvemento e implementación de estratexias mediante a avaliación e análise de retos empresariais encamiñados a mellorar a produtividade dos procesos industriais, o desenvolvemento de novos produtos/solucións ou á diversificación a través de novos modelos de negocio, entre outros na:
  - Eco-construción. Construción sustentable e industrializada en madeira.
  - Fixación de cores. Madeira laminada con cores.
  - Novos produtos de madeira para clases de uso 3.1, 3.2, 4 e 5.
  - Sistemas para a mellora dos procesos de encolado, resistencia e comportamento ao lume.
  - Composites de madeira.
  - Biomoléculas de interese, medicamentos, encimas, alimentos de alto valor nutricional.
  - Acústica, combinando madeira con calquera outro material.
  - Valorización de subproductos da industria forestal.



## Investimentos subvencionables

### ▶ Liñas 4: Certificacións, ensaios e informes

- Implantación e certificación da cadea de custodia de produtos forestais, de normativas de calidade e de xestión ambiental.
- Informes, servizos, bens, equipos, tecnoloxías e obras de acondicionamento necesarios para a obtención de certificados ou selos de calidade e medioambientais, marcas de garantía rexistradas, marcas colectivas rexistradas ou implantación do mercado CE de produtos de orixe forestal e condicionados á obtención dos mesmos dentro do prazo de xustificación da axuda.
- Ensaio de caracterización de produto realizados conforme a normativa oficial por un laboratorio acreditado para a realización do ensaio.

### ▶ Liña 5: Seguridade e saúde na contorna laboral

- Servizos para a implantación e certificación do estándar OHSAS 18001 (xestión da seguridade e saúde no traballo -SST).
- Creación de servizos de prevención mancomunados (SPM).



## Barefacción (máx. 165 puntos)

	PUNTOS
Pertencer a asociacións, organizacións ou fundacións da industria forestal-madeira	20
Actividade formativa cunha duración mínima de 20 horas (10 puntos actividade, máx. 3)	30
Muller que desempeña funcións de dirección ou xerencia	10
Conten cun Plan de igualdade voluntario	10
Empresas establecidas na zona demarcada polo nematodo do piñeiro	20
Por cada certificado de cadea de custodia (10 puntos por sistema, máx. 2)	20
Certificado de sistema de xestión da calidade ou sistema de xestión ambiental	10
Dispoñan de marcado CE para algún dos produtos	10
Marca de garantía "Pino de Galicia"	10
Certificado OHSAS 18001 (xestión da seguridade e saúde no traballo -SST)	10
Empresas establecidas en concellos emprendedores	15



## Reserva de crédito

### ► Crédito orzamentario

O crédito total ascende a 2.600.000 de euros, por importe no ano 2023 de 500.000,00 €, con cargo ao código de proxecto 2021 00002, e de 2.100.000,00 € con cargo á dita aplicación e proxecto no ano 2024.

### ► Distribución inicial de crédito

Co fin de reservar un crédito mínimo en cada liña declarada, establécese unha distribución inicial de crédito:

- a) Liña 1: 35 %.
- b) Liña 2: 35 %.
- b) Liña 3: 10 %.
- c) Liña 4: 10 %.
- d) Liña 5: 10 %.

No caso de que, unha vez priorizados os expedientes solicitados, non se consuma a totalidade do importe establecido polas distintas porcentaxes de cada tipo de liña de axuda na distribución do crédito detallado no punto 1, os importes sobrantes das distintas liñas pasarán ás demais para facer fronte aos expedientes solicitados.



AXENCIA GALEGA  
DA INDUSTRIA  
FORESTAL

**DOG**

**Bases e convocatoria >> [acceso](#)**

DOG nº64, venres 31 de marzo de 2023



**Máis información**



[xera.cmr@xunta.gal](mailto:xera.cmr@xunta.gal)



[@XERAAxenciadaindustriaforestal](#)



[www.xera.xunta.gal](http://www.xera.xunta.gal)



[@XERAindustriaforestal](#)



**Presentación de solicitudes en sede electrónica >> [acceso](#)**





AXENCIA GALEGA  
DA INDUSTRIA  
FORESTAL